

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 1 de febreiro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día un de febreiro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(69).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

**2(70).- APROBACIÓN MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5793-224**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do servizo do 03-01-13, conformado pola concelleira-delegada de área e pola

concelleira delegada de Economía e Facenda; vistos así mesmo os informes xurídicos e da Intervención Xeral Municipal de datas 18 e 29 de xaneiro do 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 10.000,00 Euros, con cargo á partida 2311 4800000 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Concelleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

Segundo.- Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 10.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia M<sup>a</sup> Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

Terceiro.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

### **3(71).- PROCEDIMENTO PARA O PAGO DAS BECAS ÓS BENEFICIARIOS DO PROXECTO IMOS TRABALLAR 2. ANUALIDADE 2013. EXPTE.9450/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de data 24-01-13, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 30-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto polo importe de cento noventa e dous mil novecentos setenta euros con cincuenta e nove céntimos (192.970,59€) para facer fronte as axudas que se devenguen no exercicio 2013, pola asistencia os cursos dos/as participantes no Proxecto IMOS TRABALLAR, con cargo a partida presupostaría 2410 4890003 “ BECAS AXUDAS IMOS TRABALLAR 2 “

Segundo.- Acordar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2013 será de 399,38 euros/mes e de 13,31euros/día (75% do IPREM 2013).

Terceiro.- Autorizar para a anualidade 2013 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Proxecto IMOS TRABALLAR 2 consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de persoal, a seguinte documentación:

- Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
- Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, mentres dure a súa participación no proxecto.

Cuarto.- Autorizar para o mes de decembro de 2013, con carácter excepcional o pago das becas por adiantado xunto coa do mes de novembro. Na mensualidade de xaneiro de 2014 regularizáranse as diferencias que se puidesen dar descontando desta mensualidade as cantidades correspondentes aos días de decembro nos que non se tivera asistido a formación.

#### **4(72).- SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN DA I.L.E PROXECTO EMPRESARIAL “EVENTOS MULTIEXPO S.L”. EXPTE.9462-77**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de data 30-01-13, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto así mesmo o informe da técnica de Xestión da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**EVENTOS MULTIEXPO S.L.**” sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte (ditas bases aprobáronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do

**5(73).- DONACIÓN DE DON PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ A FAVOR DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN VIAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE.37066-212**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do adxunto xurídico da Policía Local, de data 25-01-13, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a donación de 1.000,00 € realizada a favor deste Concello o pasado 18 de xaneiro de 2013 por D. PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, titular do DNI nº 34969976V, e darlle aos caudais transferidos o destino indicado na donación, isto é, a adquisición de medios e material necesario para o desempeño do labor educativo que ven despregando o Departamento de Educación Vial da Policía.

Segundo.- Aos efectos de dar pleno cumprimento ao acordado no apartado anterior, polo servizo xestor tramitarase o correspondente expediente de modificación de crédito.

**6(74).- MODIFICACIÓN DA RPT NA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 23870-220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 01-02-13, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e máis do concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e, posteriores modificacións publicadas no BOP de 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto e 18 de setembro de 2012) e, en consecuencia acordar a adecuación retributiva excepcional e singular do posto de traballo código “Técnico/a Administración Xeral”, cód 46, nun posto de “asesor xurídico adxunto”, cód. 230, modificando o nivel do complemento de destino do 26 ao 28, nos termos da instrución do servizo asinada polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 24 de xaneiro de 2013 e pola motivación técnica, organizativa e funcional exposta no escrito do xefe da Área de Benestar Social de data 23 de xaneiro de 2013, procedendo así mesmo á adscrición do posto cód. 46-técnico/a Admon. Xeral, cód. 301.20, cód. Retributivo 46a xefatura de área, cód. 300”.

Segundo.- Autorizar e comprometer un gasto por importe de 1878,80 €, con cargo á partida 922.0.121.03.00 “FONDO ADECUACIÓN RETRIBUTIVA 2012”, para dar cobertura ás obrigas económicas do presente expediente, en canto á modificación retributiva proposta.

Terceiro.- Instar á Alcaldía-Presidencia a realización da modificación de crédito necesaria para dar a cobertura orzamentaria á referida proposta de modificación retributiva.

Cuarto.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

Notifíquese o presente acordo ao, xefe da área de Benestar Social, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e sete minutos. Como secretaria dou fe.

rse.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.